

# Os estudos sociais na cidade de Ferrol\*

*Social studies in the city of Ferrol*



JESÚS MARTÍNEZ GIRÓN

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

\* Texto da conferencia lida o día 4 de marzo de 2005 no Salón de Actos do campus de Ferrol con ocasión do acto de homenaxe ao profesor don Cipriano Dobarro Montero.

**Resumo**

Este traballo, sobre os estudos sociais na cidade de Ferrol, traza a historia da antiga Escola Universitaria de Relacións Laborais desta cidade, desde a súa creación como «seminario» en 1970. O protagonista deste relato é o profesor Cipriano Dobarro, primeiro director da Escola de Ferrol e persoa que xestionou a súa integración na Universidade da Coruña no ano 2000.

**Palabras chave:** estudos sociais, diplomatura en Relacións Laborais, Universidade da Coruña, campus de Ferrol.

***Abstract***

*This paper, centred on social studies in the city of Ferrol, traces the history of the former University School of Labour Relations of this city, from its creation as a «seminar» in 1970. The protagonist in this history is Professor Cipriano Dobarro, the first Director of the School of Ferrol and the person who oversaw its integration into the University of A Coruña in 2000.*

***Keywords:*** *Social Studies, Labour Relations Degree, University of A Coruña, Campus of Ferrol.*

Falarmos dos estudos sociais na cidade de Ferrol é falarmos da Escola Universitaria de Relacións Laborais do campus de Ferrol da Universidade da Coruña, e da súa historia. Unha historia, como veremos logo, que está profundamente ligada á persoa do noso homenaxeado desta tarde, o profesor don Cipriano Dobarro Montero. E que creo que é de xustiza contarmos, para que determinados feitos sexan lembrados cando pase o tempo, e sexan lembrados con agradecemento, que o centro universitario que pode verse desde aquí non existiu sempre como o que é hoxe: un centro universitario español absolutamente estándar, en que se imparten ensinanzas conducentes á obtención dun título universitario oficial e con plena validez en todo o territorio nacional.

É unha historia que precede mesmo á existencia da propia Universidade da Coruña, pois as primeiras balizas vitais desta escola universitaria hainas que buscar antes de 1989-1990, que foi –como todo o mundo sabe– a data de creación e de posta en funcionamento da nosa *alma mater* coruñesa.

E é unha historia –xa case acabo con todos estes necesarios prolegómenos– que non podería entenderse sen a referencia a un marco máis xeral. Isto é, sen a referencia á historia dos estudos sociais españois e, por tanto, á historia das escolas sociais en España, da cal esta escola ferrolá é unha manifestación particular, e eu diría mesmo que unha manifestación particularmente típica.

\* \* \*

Na miña opinión, a historia das escolas sociais españolas pode dividirse convencionalmente en tres grandes etapas. Coinciden, respectivamente, co nacemento, co crecemento ou desenvolvemento e, por último, coa madurez plena deste importantísimo tipo de centros, que empezaron sendo unha cousa e acabaron converténdose despois noutra completamente distinta. E coinciden, ademais, con tres grandes etapas –e etapas moi marcadas– da vida política do noso país, que foron a etapa inmediatamente anterior á guerra civil; a etapa do franquismo e a transición política inmediatamente subseguinte ao devandito réxime; e, por último, a etapa da plena consolidación da vida democrática española, desde comezos da década dos anos oitenta do pasado século XX até hoxe.

As escolas sociais naceron durante a ditadura do xeneral Primo de Rivera, a partir do ano 1925. En efecto, en 1925 creouse a Escola Social de Madrid. E, tras ela, creáronse outras cinco escolas sociais máis: en 1929, as escolas sociais de Barcelona, Valencia, Granada e Zaragoza; e en 1930 a Escola Social de Sevilla. Estas seis primeiras escolas sociais eran centros de ensino superior, mais de carácter non-universitario –pois de-

pendían do Ministerio de Trabajo—, e impartían o título profesional de «Graduado Social», que xa desde un primeiro momento se coñeceu co nome oficial de «diploma» (por tanto, «diploma de Graduado Social»).

A pesar do seu carácter formalmente extrauniversitario, estas primeiras seis escolas sociais mantiveron vínculos estreitos coas universidades españolas daquela época. Lémbrese que se crearon en Madrid, Barcelona, Valencia, Granada, Zaragoza e Sevilla; isto é, en seis cidades de arraigadísima tradición universitaria, que contaban con universidades de existencia plurisecular (a de Sevilla, por exemplo, acaba de celebrar hai poucos meses o seu quinto centenario, coa presenza dos reis de España, que inauguraron alí o corrente curso académico 2004-2005). Este feito provocou, con toda naturalidade, que o profesorado de tales universidades acabase profesando tamén nas escolas sociais operantes no territorio do que entón se chamaba xa o «distrito universitario».

Evidentemente, nas escolas sociais sempre se ensinou moito máis que dereito, e moito máis que dereito do traballo e da seguridade social. E, evidentemente, eu non teño ningunha autoridade para falar doutras ramas da ciencia que non sexan precisamente as ciencias xurídicas. Mais si creo que é xusto lembrar que naquela época profesaron nas escolas sociais os máis ilustres profesores universitarios. Darei só un nome, para non alongarme, aínda que podería aducir outros moitos máis igualmente ilustres.

Foi o caso, por exemplo, de don José Castán Tobeñas, catedrático de Dereito Civil da Universidade Literaria de Valencia (ou Studi Geral), e logo mesmo presidente do Tribunal Supremo, que tamén foi profesor da Escola Social da propia Valencia. Confeso que menciono o seu caso ao resultarme entrañable por mor dun duplo motivo. Dun lado, porque —como tantos e tantos outros estudantes españois— o manual de dereito civil que estudei cando era estudante na Facultade de Dereito de Santiago foi xusto o de don José Castán. Doutro lado, porque don José publicou o que me parece que é o primeiro escrito verdadeiramente moderno sobre a ciencia que me dedico a ensinar, e que foi unha obra súa titulada «O dereito laboral (apuntamentos para a súa construción científica)», artigo aparecido nunha revista valenciana o mesmo ano en que se creou a Escola Social de Valencia (lémbrese, en 1929).

Ora ben, as escolas sociais da época, quizais porque dependían mesmo financeiramente do Ministerio de Trabajo (que estaba e está concibido para ocuparse doutro tipo de cousas), tamén se caracterizaron —e isto cómpre dicilo con toda franqueza— por unha clara e evidente precariedade existencial. Dito con maior rotundidade: nacían e podían morrer. E isto púxoo de relevo, nun contexto de descomposición social

moi grande, con toda a crueza, unha Lei republicana de 1935 que anunciaba –e cito literalmente– «a supresión das escolas sociais como consecuencia da Lei de restricións de 1 de agosto de 1935».

A consecuencia desta norma –e de aí a precariedade existencial que mencionaba hai un momento– suprimíronse todas as escolas sociais salvo dúas, as de Madrid e Barcelona. E con este feito doloroso conclúe o exame desta primeira etapa, no tocante á cal cómpre apuntarmos tamén que Galicia se mantivo á marxe deste novel movemento impulsor das escolas sociais en España.

En efecto, aínda que tamén contabamos aquí cunha universidade de tradición multiseccular (obviamente, a Universidade nai de Santiago), non chegaron a existir en Galicia centros que albergasen este tipo de estudos, sempre nesta primeira etapa. E iso na liña –todo hai que dicilo– de universidades próximas á nosa e de parecida ou superior tradición, como as universidades de Oviedo ou de Salamanca, en cuxos respectivos «distritos» tampouco existiron nun primeiro momento escolas sociais. Se non existiron estudos sociais en Galicia, tampouco os houbo en Ferrol, loxicamente, aínda que isto de ningún xeito a min me estrañe, pois nesta primeira etapa –coextensa, repito, coa ditadura de Primo de Rivera e coa Segunda República– nin sequera nacera aínda o noso ilustre homenaxeado desta tarde, o profesor don Cipriano Dobarro.

\* \* \*

A segunda etapa iníciase tras a guerra civil, e dura algo máis de corenta anos. Máis en concreto, até a promulgación da Lei de reforma universitaria (a popular LRU), que entrou en vigor en 1983 e que abre xa unha etapa completamente distinta. Lembremos, ademais, que esta segunda fase se inicia con só dúas escolas sociais subsistentes, as de Madrid e Barcelona, que era evidente que non podían atender de forma adecuada a demanda de estudos sociais existente en toda España.

Por iso, o réxime da época formulouse a necesidade de crear novos centros que impartisen este importantísimo tipo de estudos superiores. E fíxoo –eu creo que con bastante dose de realismo, dadas todas as penurias do momento– utilizando unha metodoloxía peculiar, que permitise sentar as bases para a creación de escolas sociais nos máis diversos puntos de toda a nosa xeografía. Esta nova filosofía aparece concretada na Orde ministerial de 1942, en virtude da cal se aprobou o regulamento dos denominados «padroados» das escolas sociais.

O seu propósito era evidente. Nunha primeira fase, estes padroados –formados por patróns potentes e solventes– non debían promover a creación de escolas sociais, senón só de «seminarios de estudos sociais». Unha vez acreditado que o seminario en cuestión era viable, cabía –nunha segunda fase– convertelo nunha verdadeira escola social, contando sempre co apoio do correspondente padroado. E xa nunha terceira fase, cando a oferta da escola social resultase insuficiente para atender a demanda de estudos sociais que tiña, cabía entón que a propia escola promovese noutras cidades do seu raio de acción a creación de novos seminarios, á súa vez apoiados nos seus respectivos padroados. Quizais o exemplo máis precoz, que escenifica á perfección as tres fases deste complexo proceso, fose o representado pola que hoxe é a Escola de Relacións Laborais da Universidade de Oviedo.

En efecto, a escola asturiana creouse como Seminario de Estudos Sociais en 1942. Este seminario atinxiu logo o rango de Escola Social de Oviedo, en 1944. E máis tarde, baixo a dependencia desta Escola Social de Oviedo, creáronse os seminarios de estudos sociais de León, en 1955, e de Santander, en 1958, cando estas dúas cidades nin sequera podían imaxinar que acabarían chegando a ter despois, co paso do tempo, as súas propias universidades.

Quero, ademais, salientar outro feito que me parece sumamente importante. Refírese á evidencia de que as escolas sociais foron o alicerce imprescindible para que puidesen crearse, nas cidades onde estaban radicadas, os correspondentes colexios oficiais de graduados sociais. Abonda ler, para comprobalo, o Decreto de 22 de decembro de 1950, en que se declara obrigatoria a inscrición dos graduados sociais no colexio profesional respectivo. E é que nesta norma afirmábase que en todas as capitais de provincia en que existise escola social debería constituírse un de tales colexios, iso si, coa soa excepción de Galicia –pois Santiago de Compostela nin era daquela, nin o é tampouco agora, ningunha capital de provincia–, aínda que disto último falarei un pouco máis dentro dun momento.

A interacción escola-colexio era lóxica, pois –como afirmaba a exposición de motivos deste decreto– viñan sucedéndose promocións e promocións de graduados sociais, con matrícula crecente en cada curso, cuxa influencia na sociedade demandaba (como no caso dos avogados, arquitectos ou médicos) o acceso dos graduados sociais ao status de verdadeira profesión regulamentada e regulada. Acerca da influencia social destes novos profesionais, os graduados sociais, apuntarei só un dato que toca directamente na alma, ademais, desta querida cidade de Ferrol.

Por Orde ministerial de 29 de outubro de 1958 modificouse a regulamentación nacional de traballo da Empresa Nacional Bazán. E esta modificación tiña un propósito moi simple, mais á vez moi importante, que era o de incorporar unha nova categoría profesional ao elenco tradicionalmente recolleito, desde 1950, nesta peculiar norma laboral «sectorial». Tratábase da categoría profesional de «graduado social», con remuneración propia, que nesta modificación de 1958 aparecía definida nos seguintes termos, e cito literalmente: «Graduados sociais [en Bazán] son os que en posesión do título oficial correspondente realizan funcións de organización, asesoramento ou mando no tocante á admisión, clasificación, axuste, instrución, condicións de traballo, economatos, comedores, previsión e espaxamento do persoal e das obras e actividades encamiñadas a fortaleceren as relacións de irmandade e convivencia de cantos participan na empresa e daqueloutras destinadas a melloraren os métodos de traballo e as condicións de vida do traballador [de Bazán] e das súas familias». Ao meu xuízo, unha bonita e precisa definición do que se esperaba que fixesen en Bazán os seus graduados sociais.

E xa que trouxen a colación o caso de Bazán, que é o que ocorreu en Galicia durante toda esta segunda etapa? Pois ben, aquí na nosa terra –malia que quizais cun pouco máis de atraso– seguíronse os mesmos pasos que noutras rexións españolas. Así, en 1942, un pouco despois que en Oviedo, creouse o Seminario de Estudos Sociais de Santiago. Co apoio decisivo todo hai que dicilo– do daquela reitor da universidade compostelá, o profesor don Luís Legaz Lacambra.

Don Luís Legaz, catedrático de Dereito Natural e Filosofía do Dereito, foi unha personalidade extraordinaria. Era un profesor de recoñecido prestixio internacional naquela época, pois acabou sendo nomeado doutor *honoris causa* en Dereito polas universidades de Coímbra e de Viena. E aínda que moi poucas persoas o saiban, don Luís Legaz era tamén graduado social, título este que obtivera na Escola Social de Zaragoza, onde nacera, alá polos anos trinta do século pasado. Sempre por impulso de Legaz, en 1946 o Seminario de Estudos Sociais de Santiago acadou o rango de escola social. E na Escola Social de Santiago chegou a ser profesor o propio reitor Legaz. Mesmo publicou, en 1948, unhas *Lecciones de política social* que eu cheguei a ver e a manexar, en cuxo prólogo se afirma que o seu propósito era o de lle proporcionar ao seu alumnado «un modesto instrumento de traballo».

Como é lóxico, na Escola Social de Santiago formáronse sucesivas promocións de graduados sociais galegos. A unha delas pertence o noso homenaxeado desta tarde, o profesor don Cipriano Dobarro. E é que o profesor Dobarro non é só licenciado en Dereito, avogado e especialista notorio en dereito cooperativo, senón tamén graduado

social pola Escola Social de Santiago. Apunto o dato porque –segundo a Orde ministerial de 6 de maio de 1968, sobre recoñecemento de seminarios de estudos sociais– o director do «seminario» debía ser, inescusablemente, graduado social (con independencia de que puidese estar en posesión ou non doutro tipo de titulacións oficiais). Ora ben, esta norma de 1968 é importante, como enseguida veremos, tamén por outra razón.

Ao seu abeiro, aínda que dependente da Escola Social de Santiago, creouse en 1970 o Seminario de Estudos Sociais de Ferrol, fai agora trinta e cinco anos. Evidentemente, este seminario ferrolán, como antes o de Santiago (e antes o de Oviedo), necesitaba o apoio dun padroado. E igual que ocorreu en Oviedo –en que unha orde ministerial dos anos corenta permitiu a constitución de padroados municipais–, en Ferrol tamén resultou decisiva a presenza e a implicación do Concello e do seu alcalde, pois desde 1971 pasou a desempeñar a presidencia do padroado protector o Ilmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Ferrol. E iso, á vez que asumía a dirección do Seminario, tamén desde 1971, o propio profesor don Cipriano Dobarro.

Os primeiros anos setenta do século pasado, cando nace e bota a andar o Seminario de Estudos Sociais ferrolán, son os anos do tardofranquismo; a que logo, anos de gravísimos conflitos sociais e de gravísimos conflitos de orde pública en España, en Galicia e, particularmente, nesta querida cidade de Ferrol. Mais a pesar de todas estas dificultades, baixo a prudente dirección do noso homenaxeado, o Seminario ferrolán seguiu a súa andaina, consolidouse e arraigou, para abrírlles camiño a sucesivas promocións de novos graduados sociais, agora formados en Ferrol. E o recoñecemento do labor por el realizado produciuse só dez anos despois.

En efecto, ao abeiro da promulgación do Real decreto de 3 de maio de 1980, sobre a nova ordenación das ensinanzas de graduado social, o Seminario de Estudos Sociais ferrolán deixou de ser tal, para pasar a converterse nun centro ou escola, repetindo –fai agora exactamente vinte e cinco anos– o mesmo proceso evolutivo polo que pasaran tantas e tantas escolas sociais, incluída por suposto a Escola Social de Santiago, en que se formou como graduado social –como antes lembrei– o profesor Dobarro. E co noso seminario convertido en centro, pasamos xa ao exame da terceira etapa, que se inicia en 1983, só tres anos despois, coa promulgación da Lei de reforma universitaria.



Agora que a Lei de reforma universitaria (LRU) xa non está vixente (como se sabe, foi derogada pola polémica LOU, promulgada a finais de 2001), creo que é xusto falar da LRU con sincera admiración e con simpatía franca. A LRU supuxo un punto e á parte, de potenciación incrible do fenómeno universitario (cuantitativa e cualitativamente falando), que permitiu acabar cos centralismos paralizantes e coas universidades madrastas, antes que nais («nais da alma»). Polo que respecta aos estudos sociais, a LRU provocou dúas consecuencias que merece a pena apuntarmos.

En primeiro lugar, a incorporación destes estudos ao elenco de estudos propia e especificamente universitarios. Porque, coa LRU, deixan de ser estudos de competencia do Ministerio de Traballo e adquiren definitivamente o rango de verdadeiros estudos universitarios, que *de ipso* xa tiñan desde moitos anos antes. Esta conxunción entre o legal e o real produciuse en 1986, ao promulgarse o Real decreto sobre a incorporación á universidade das ensinanzas de graduado social (e fíxense en que o que se incorporaba á universidade eran as «ensinanzas», non aínda os «centros»).

E, en segundo lugar, como outra consecuencia de suma importancia, o traspaso da competencia en materia de estudos universitarios (e, por tanto, tamén en materia de estudos sociais) ás diversas comunidades autónomas. En materia do ensino universitario de graduado social, este traspaso á Xunta de Galicia produciuse en 1989, mediante a promulgación este ano do correspondente real decreto estatal de traspaso de funcións e servizos desde o Estado á nosa comunidade autónoma. Mais antes de pasar ao ocorrido na década subseguinte, a dos anos noventa do século pasado, gustárame pór de relevo que a Escola ferrolá seguiu nos anos oitenta a súa andaina normal, pilotada sempre baixo a prudente e eficaz dirección do profesor don Cipriano Dobarro.

A Escola ferrolá, dicía, proseguíu a súa andaina normal, formando promocións sucesivas de estudantes, aínda que tamén tivo que sortear algún escollo de carácter extraordinario, que –como relatarei dentro dun momento– puxo en grave risco a existencia mesma da propia escola, a pesar dos seus xa entón case vinte anos de vida. En efecto, en 1989, a Universidade de Santiago –única universidade daquela existente en Galicia– achábase inmersa nun proceso de cambio radical, pois estaban a piques de crearse outras dúas novas universidades máis (as de Vigo e A Coruña), por segregación da Universidade nai compostelá. Había que preparar o terreo para poder consumir a segregación. E, nestes preparativos, alguén tivo a ocorrencia –e permítaseme que non mencione polo seu nome ese alguén– de que no territorio cuberto pola Universidade de Santiago sobran centros; que había que suprimir algún, e que un dos eventualmente suprimibles era xusto a nosa escola ferrolá.

Evidentemente, aquí luciron e brillaron todas as virtudes cardinais e morais (prudencia, fortaleza, temperanza etc.) que adornan a personalidade do noso querido homenaxeado, o director por aquel entón da Escola, don Cipriano Dobarro. En efecto, apoiado e arroupado polo Padroado municipal que viña amparando primeiro o seminario (desde 1971) e logo a escola (desde 1980), o profesor Dobarro conseguiu que a Escola ferrolá superase o fado da precariedade existencial, que fixo sucumbir tantas e tantas escolas sociais (lémbrese o ocorrido durante a República coas de Valencia ou Sevilla, por exemplo). Don Cipriano Dobarro, dicía, conseguiu –tras complicadas xestións– que a nosa escola ferrolá superase o transo e puidese proseguir a súa andaina normal, xa como escola universitaria, tras o traumático proceso de creación por segregación das dúas novas universidades. E no que acabo de dicir, nin invento nin esaxero nada.

O reflexo formal do escollo, e da singradura de don Cipriano Dobarro para sortealo, consta explicitado no *Diario Oficial de Galicia*. Lean, se teñen curiosidade, os números correspondentes a 10 de agosto de 1989 e 31 de xullo de 1990, que recollen un feito insólito –vistas as complicadas negociacións en curso– como foi o da modificación por cadanseu decreto autonómico do prazo imposto por un real decreto estatal para o efecto da incorporación á universidade xa non do ensino de graduado social, senón dos centros (como a Escola ferrolá) en que se impartía ese ensino. E que a Escola sobrevivise, grazas á pericia e a tenacidade do profesor Dobarro, a min paréceme un resultado xusto, pois Ferrol non podía merecer o contrario.

En efecto, como sempre ocorrera con todas as escolas sociais, a de Ferrol tamén operaba como referente organizativo dos propios graduados sociais actuantes no seu ámbito. Son as sinerxías escolas sociais-colexios oficiais de graduados sociais, de que falaba antes e que en Galicia tiveron as súas peculiaridades, pois o primeiro colexio oficial de graduados sociais existente en Galicia foi precisamente o de Santiago de Compostela. E non estraña, porque era en Santiago onde estaba radicada, desde 1946, a única escola social orixinariamente operativa na nosa terra. Pois ben, e sigo coas sinerxías, aquí en Ferrol non hai un colexio oficial de graduados sociais, mais si a Asociación de Graduados Sociais, cuxa presidenta, que agora me mira, é a querida colega profesora desta mesma escola, dona Pilar Millor Arias.

Todo pode ser coincidencia; porén, a min non me estraña, vista a historia do asunto. E é que alí onde hai escola social, os graduados sociais do ámbito xeográfico da propia escola acaban organizándose, facendo moitas cousas, e facendo mesmo cousas moi importantes, como no caso das xa tradicionais Xornadas Galegas sobre Condicións de Traballo e Saúde organizadas pola Asociación de Graduados Sociais de Ferrol.

Unha asociación cuxo embrión foi a asociación de antigos estudantes da Escola ferrolá. É unha asociación pilotada, desde sempre, por dona Pilar Millor, cuxas tradicionais xornadas deron a coñecer o nome de Ferrol no mundo enteiro grazas ao tema da prevención de riscos laborais. Exactamente, desde 1987, ano en que se organizaron por vez primeira estas prestixiosas xornadas bienais, que van xa pola súa décima edición (que terá lugar aquí en Ferrol en abril deste mesmo ano).

En definitiva, a Escola como caldo de cultivo de cousas grandes, inexplicables sen os graduados sociais formados pola propia escola. Por iso é polo que foi xusto que a Escola sortease o perigoso escollo disolutivo a que antes aludín, e que puidese proseguir desde entón a súa andaina, mais –como veremos dentro dun momento– xa totalmente inmersa dentro dun novo marco universitario.

\* \* \*

Este marco en Galicia está representado por unha mouteira moi clara: a norma de creación por segregación das dúas novas universidades de Vigo e da Coruña, con data de 1 xaneiro de 1990. É curioso, mais nos longuísimos e complexísimos anexos desta norma non aparece mencionada a Escola ferrolá, despois de que pertencese á daquela recentemente creada Universidade da Coruña. Iso debeuse –do mesmo xeito que no caso das escolas sociais das cidades de Vigo e da Coruña– a que aínda non estaba operado o tránsito, ou a transformación, de escola social a verdadeira escola universitaria no caso de todas as citadas.

Para operar este tránsito, houbo que asinar antes un convenio de adscrición, que subscribiron o daquela reitor da Universidade da Coruña, o profesor Portero Molina, e o presidente do Padroado municipal protector da Escola ferrolá. Tras a firma deste convenio (en que loxicamente tivo moito que ver o director da Escola, o profesor don Cipriano Dobarro), achandouse o camiño para que existise aquí en Ferrol unha auténtica escola universitaria, aínda chamada entón «de graduados sociais». Así o reflicte o *Diario Oficial de Galicia* do día 31 de xullo de 1990, en que aparece publicado un decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por virtude do cal se creaba –e cito literalmente– a «Escola Universitaria de Graduado Social adscrita á Universidade da Coruña». Como dato curioso, creo que é xusto lembrar que a Escola Universitaria de Graduados Sociais de Ferrol foi creada antes mesmo que a Escola Universitaria de Graduados Sociais de Santiago. Alí houbo preitos, que todos máis ou menos lembramos. E, por iso, a Escola Universitaria de Graduados Sociais da Universidade de Santiago non aparece como tal no *Diario Oficial de Galicia* –paradoxos da vida– até un ano despois de que se crease a ferrolá.

Xa co seu novo status de escola universitaria adscrita, o noso centro proseguíu a súa andaina sen maiores sobresaltos, ao longo da década dos anos noventa do século pasado. E foi unha andaina eu diría que non só de notable, senón mesmo de auténtico sobresaliente, pilotada sempre baixo a prudente dirección de don Cipriano Dobarro. Cumpría facer deberes universitarios pesados, e cumpría facelos a tempo. Penso, por exemplo, na adaptación dos vellos plans de estudos aos novos plans de estudos universitarios estruturados por créditos. Pois ben, aquí en Ferrol todo isto fíxose con puntualidade e escrupulosidade británicas. Primeiro, por decreto autonómico de 1992, ratificouse a impartición de títulos que pasaban a cambiar de denominación; e entre eles, o impartido nesta escola universitaria ferrolá, que pasaba a denominarse título de «diplomado en Relacións Laborais». E logo, no ano 1994 mais por real decreto, homologouse oficialmente o novo título.

Ora ben, malia ser todo isto importante, aínda non resultaba completamente satisfactorio, pois a Escola ferrolá chegara ao límite do permitido polo na altura xa moi envellecido convenio de adscrición á Universidade da Coruña. Mesmo cambiou de nome. E para o efecto de adaptarse á nova realidade, por Decreto autonómico de 15 xullo de 1999, pasou a denominarse «Escola Universitaria de Relacións Laborais» en congruencia coa nova denominación da titulación que impartía nas súas aulas. Con todo, todo isto deixaba aínda un certo sabor agridoce, pois a Escola ferrolá só tiña o rango de mero centro adscrito, mais non o de centro propio, integrado con todas as da lei na Universidade da Coruña; isto é, integrada co mesmo status que tiñan, por exemplo, a Escola Politécnica Superior, a Escola Universitaria de Enfermaría ou a propia Facultade de Dereito, a que eu estou administrativamente adscrito alá, no campus da Coruña da nosa universidade. E lémbrese, unha vez máis, un risco –que xa citei por dúas veces ao longo desta intervención miña–, o da precariedade existencial, que de xeito tan eficaz soubo sortear don Cipriano Dobarro en 1989. Un risco latente sempre no que se mantén sen integrar plenamente aínda na Universidade.

En definitiva, había que integrar a Escola Universitaria de Relacións Laborais ferrolá na Universidade da Coruña. Para ese efecto, o propio ano 1999 produciuse un cruzamento de misivas entre as dúas altas partes contratantes do vello convenio de adscrición. Isto é, cruzaron cartas o entón reitor coruñés, o profesor Meilán Gil, por parte da Universidade, e o alcalde ferrolán, na súa condición de presidente do Padroado desta escola, co propósito de que se alcanzase a plena integración da Escola na estrutura da Universidade da Coruña.

O proceso negociador que se abriu era complicado, pois as dúas altas partes contratantes (reitor e alcalde) eran, como resulta fácil imaxinar, persoas con ocupacións múltiples e que non podían detraer –xa non digo horas, días ou semanas, senón mesmo meses– das súas apertadas axendas de traballo e ocupacións diarias, moitas veces extraordinarias, todo o tempo que había que empregar para levar a cabo as aproximacións, encontros exitosos e fracasados que razoablemente colorean un proceso negociador complicado, como este, que había que desenvolver de boa fe, entre Universidade e Padroado.

Por iso, as dúas altas partes contratantes delegaron o asunto en persoas de toda confianza. Persoas prudentes, traballadoras, eficaces e sobre todo con altura de miras, que foron unha por cada parte. Ao lado da Universidade, a profesora doutora dona Rosa Fernández Esteller, na altura vicerreitora (eu diría, mesmo, que vicerreitora de Asuntos Xerais), e persoa pola que persoalmente sinto admiración, afecto e agradecemento totais. E ao lado do Padroado, o noso homenaxeado, o profesor don Cipriano Dobarro.

Ambos negociaron moito, negociaron ben e negociaron pronto. Había que axustar, por exemplo, o persoal non-docente da Escola ás categorías profesionais do convenio colectivo da Universidade. E, sobre todo, había que encaixar –sen violentar ningunha lei– o profesorado da Escola (polo demais, exemplar) nas ríxidas categorías do profesorado universitario, daquela reguladas pola LRU. A negociación entre a vicerreitora e o director da Escola levou o seu tempo, mais recolléronse os seus froitos. E despois de se superaren todos os controis de legalidade habidos e por haber (non só internos, senón tamén externos, a cargo da Xunta de Galicia), por fin foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* do día 31 de maio de 2000 o decreto autonómico de só uns días antes, que autorizaba –e cito literalmente– «a integración da Escola Universitaria de Relacións Laborais do campus de Ferrol na Universidade da Coruña».

É un decreto breve, pois só ten dous artigos, unha disposición adicional e dúas disposicións finais; todo iso de teor case telegráfico. E é un decreto que tiven que ir buscar ao *Diario Oficial de Galicia*, dado que os seus anexos –sen dúbida o máis importante– non aparecen publicados na base de datos de Aranzadi (que é o repertorio de lexislación e xurisprudencia que manexo habitualmente), pois tratábase de anexos –sempre segundo Aranzadi– de carácter persoal. É claro que tiñan este carácter, porque neles aparecían detalladas persoas, cos seus nomes e apelidos. Precisamente por iso, estes anexos son o máis importante, pois a Escola é un ente de razón, unha entidade moral –os clásicos dirían mesmo que unha «persoa artificial»–, que necesita encarnarse en concretas persoas físicas, de carne e óso, como vostedes e eu, para poder ter verdadeira realidade existencial.

Pois ben, segundo o *Diario Oficial de Galicia* integráronse na Universidade, en concepto de docentes e sen ningunha solución de continuidade, don Fernando Agulló Leal, dona María Jesús Alonso Seoane, don Cipriano Dobarro Montero, don Hermenegildo Franco Suanzes, don Javier García López, don Moisés García Núñez, don Jesús María García Pardo, don Alfonso Gomis Rodríguez, dona María Asunción López Arranz, don José López Coira, don José Luís López Fernández, dona Pilar Millor Arias, don Felipe Patiño Junquera, dona Margarita Orduna Vela, don José María Rolón Varela, don Antonio Rubín Martín e dona Manuela del Pilar Santos Pita. E en concepto de persoal non-docente, plenamente integrado no cadro do persoal de administración e servizos da Universidade, así mesmo sen ningunha solución de continuidade, dona Alma Díaz Valero, dona Begoña Díaz Valero, don Manuel López Rodríguez, don Nicolás Rodríguez Parrilla, dona Emma Villar Dopico e don Francisco Zaragoza Dobarro.

Eu xa coñecía de antes a don Cipriano Dobarro e a moitos dos nosos actuais colegas ferroláns, especialmente a dona Pilar Millor, á cal coñecín na Facultade de Dereito de Santiago, con ocasión da organización por ela das I Xornadas Galegas sobre Condicións de Traballo e Saúde, alá polo ano 1987. Coñézovos, dicía, desde antes. Mais agora coñecémonos moito mellor, ao estarmos todos integrados no mesmo departamento universitario (o de Dereito Público Especial da nosa universidade). E creo que é de xustiza dar fe de que, coa vosa integración, nós, os laboristas coruñeses, saímos gañando.

\* \* \*

Mais o 2000 xa pasou, e desde entón até agora sucederon moitas máis cousas nesta querida Escola Universitaria de Relacións Laborais ferrolá. Había que someterse, por exemplo, á avaliación externa da calidade, no marco do II Plan nacional de avaliación da calidade das universidades. E a Escola ferrolá, pilotada sempre polo profesor Dobarro, foi valente. Como mandan as directrices do Plan nacional, formou o seu comité de autoavaliación, elaborou o seu informe autocrítico e someteuno logo ao ditame dun comité de expertos externos, que visitaron as instalacións da Escola en pleno período lectivo, durante o curso académico 2001-2002.

Este comité externo presidíao un catedrático de Dereito do Traballo dunha universidade catalá a quen coñezo ben, e con quen puiden falar con franqueza despois de realizada a visita e emitido o seu propio informe crítico. Acabo incluso de falar con el hai só uns poucos días, pois concursa para se trasladar a outra universidade. E é curioso, sen eu sacar o tema, pedíume que transmitise o seu saúdo máis cordial a don Cipriano Dobarro,

cousa que agora mesmo fago. Evidentemente, o informe «definitivo» a que deu lugar o informe externo deste comité é o único importante. Aí está o seu elenco de puntos fortes da titulación e do centro, que quizais moitos de nós deberiamos animarnos a ler. Eu, por exemplo, puiden consultalo na internet.

Resumindo. Despois da integración, absoluta normalidade universitaria. Con todo, sobre o legado de don Cipriano Dobarro, que pilotou a Escola ao longo destes últimos trinta e catro anos, gustárame dicir aínda algo máis.

Agora mesmo o futuro é incerto para todos nós, os universitarios. Vai haber cambios, e cambios drásticos, que veñen impostos desde Europa. Temos que aproximarnos, porque así se pactou en Bolonia, ao modelo anglosaxón de ensino universitario. Haberá «grao» (mais xa non licenciaturas e diplomaturas), daquela «mestrado» e logo «doutoramento». E non sabemos aínda como imos quedar, nin sequera na Facultade de Dereito, a pesar de que o dereito vén ensinándose nas universidades europeas desde hai case mil anos.

O certo, o único certo, é que non é o mesmo encarar estas incertezas «desde dentro» que «desde fóra» da universidade. E unha escola integrada está dentro, con todas as vantaxes que leva estar non apenas unida, senón verdadeiramente «soldada» á universidade. Nós pasaremos, mais quedarán a Universidade e, soldada a ela, esta escola. Unha escola, agora encarnada no seu novo director, que reconece con este acto o moitísimo que debe ao bo facer do noso homenaxeado, don Cipriano Dobarro.